



# **“I CONCURSO FOTOGRÁFICO CIDADANÍA INCLUSIVA...”**

*Pobreza e Exclusión Social en Galicia*

## **BASES**



EAPN Galicia convoca o seu primeiro concurso de fotografía dixital para participantes dos programas das entidades membro, participantes doutras entidades sociais, fotógrafos afeccionados e fotógrafos profesionais.

O presente proxecto xurde arredor da conmemoración do ano 2010 coma Ano Europeo de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social e do día 17 de outubro como Día Internacional de Loita contra a Pobreza e da inqueda de poder achegar a sociedade galega, especialmente aos seus representantes políticos, sempre dende unha perspectiva inclusiva e xeradora de sinerxías, a realidade da pobreza e da exclusión social de Galicia.

## **BASES OFICIAIS DO PRIMEIRO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA INCLUSIVA**

### **1ª. TEMA**

As fotografías presentadas deberán axeitarse ao tema e contidos do concurso. En concreto **o tema será "A Pobreza e Exclusión Social en Galicia"** onde se poderán reflectir aqueles aspectos que manifesten de calquera xeito a pobreza e a exclusión social na nosa comunidade autónoma.

As fotografías remitidas **deberán de conter un comentario realizado polos mesmos autores** (sexan participantes das entidades sociais, fotógrafos afeccionados ou profesionais). O comentario non poderá exceder de 100 palabras.



## 2ª. PARTICIPANTES

No Concurso "A pobreza e a Exclusión Social en Galicia" poderán participar todos aqueles **persoas participantes** dos diferentes programas e recursos de entidades sociais da EAPN Galicia, entidades sociais non pertencentes a EAPN Galicia, fotógrafos afeccionados e fotógrafos profesionais que o desexen.

Cada concursante poderá presentar **ata dúas fotografías** en cor ou branco e negro, remitidas por formato dixital en extensión ".jpg", cunha calidade mínima que permita unha impresión en papel de 28 x 35 cm (recomendado 2 MP, nunca inferior a 1024x768)

Ditas fotografías presentadas a concurso deberán de ser **inéditas** e non ter participado nin resultado seleccionadas en ningún outro concurso realizado.

## 3ª. PRESENTACIÓN

Todas as fotografías en cor ou branco e negro co formato e resolución indicada, deberán enviarse a calquera dos seguintes enderezos electrónicos

<b>EAPN Galicia</b>	
	<a href="mailto:info@eapn-galicia.com">info@eapn-galicia.com</a> <a href="mailto:formacion.eapn Galicia@gmail.com">formacion.eapn Galicia@gmail.com</a>

Na remisión por correo electrónico ós enderezos indicados deberá acompañarse en formato .doc o seguinte documento co nome "Documento1".



## DOCUMENTO 1

Folla identificativa por cada fotografía onde constarán os seguintes datos:  
**(Ver Anexo)**

- Nome completo do fotógrafo/a
- Pseudónimo que desexa utilizar (no seu caso)
- Identificación de colectivo (participante de entidade social, fotógrafo afeccionado, fotógrafo profesional)
- Título da fotografía
- Descrición do significado da mesma (requisito indispensable para acceder ao concurso) remitido en formato .doc e que non poderá exceder de 100 palabras

Deste xeito só o comité organizador coñecerá a identidade dos concursantes ata que finalice o concurso co fallo definitivo do xurado.

### **4ª DEREITOS DE USO E DIFUSIÓN**

EAPN GALICIA resérvase o dereito de difusión das obras presentadas en publicacións e exposicións relacionadas co concurso e materiais de sensibilización da iniciativa, sempre facendo mención do autor, que non perde a propiedade do seu traballo.

### **5ª. PRAZO DE ADMISIÓN**

A data límite para a aceptación dos traballos será o **15 de setembro**. O prazo de inicio comezará unha recibida esta convocatoria por correo electrónico.



## **6ª. COMITÉ DE ORGANIZACIÓN E XURADO**

O Comité de Organización do Concurso "A Pobreza e Exclusión social en Galicia" estará composto polo Grupo de Participación/Axenda 2020 da EAPN Galicia e polo equipo técnico da propia EAPN.

O xurado estará composto por:

- O Presidente de EAPN Galicia
- O Coordinador do Grupo de Participación/Axenda 2020 de EAPN Galicia
- A Directora da EAPN Galicia
- A Presidenta do Parlamento de Galicia, ou persoa delegada.
- Un fotógrafo profesional

O seu fallo será inapelable e farase público antes do día 30 de setembro a través de correo electrónico.

## **7ª PREMIOS**

O xurado fará unha selección das fotografías do concurso que participarán na exposición no Parlamento de Galicia e demais lugares a determinar arredor da data do 17 de outubro (Día Internacional contra a Pobreza) e que se editarán nun catálogo.

Establécense ademais tres premios as mellores fotografías, que consistirán en material fotográfico a elección dos premiados e cos seguintes importes:

1º Premio. 500 euros

2º Premio. 300 euros

3º Premio. 200 euros



O material fotográfico poderase escoller e recoller exclusivamente en Fotos Nova<sup>1</sup>, en Santiago de Compostela

---

<sup>1</sup> [www.fotonovoa.com](http://www.fotonovoa.com)



## ANEXO. DOCUMENTO 1

<b>I CONCURSO FOTOGRAFICO A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA</b>	
<b>DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE</b>	
Apelidos e nome Pseudónimo Enderezo postal Teléfono de Contacto COLECTIVO (participante / fotógrafo aficionado / fotógrafo profesional)	
<b>FOTOGRAFIA 1</b>	
TITULO	
DESCRICIÓN (non mais de 100 palabras)	
<b>FOTOGRAFIA 2</b>	
TITULO	
DESCRICIÓN (non mais de 100 palabras)	
<b>SINATURA DA PERSOA PARTICIPANTE</b>	